



ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

SOLICITANTE: Miguel Ángel Delgado González

O 27 de setembro de 2020 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de acceso á información pública, presentada por Miguel Ángel Delgado González, ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, solicitude que quedou rexistrada co número 2020/1853350 (Código solicitude 02732479).

O 29 de setembro esta solicitude recibíuse na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, data a partir da cal empeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

O interesado require información sobre un convenio para o destino de persoal técnico a Turquía coa “Fundación Internacional y para Iberoamérica de Administración y Políticas Públicas (FIAPP)” e nomeamento de Antonio Basanta Fernández para a súa xestión e control, e en concreto:

- a) Subvencións e axudas públicas recibidas, tramitadas ou xestionadas por Antonio Basanta Fernández coa referida Fundación.
- b) Orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución relacionados coa referida Fundación cuxa xestión sexa competencia de Antonio Basanta Fernández.
- c) As contas anuais e os informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control sobre cuxa xestión sexa competencia de Antonio Basanta Fernández relacionadas con FIAPP.
- d) Retribucións percibidas anualmente, tramitadas ou xestionadas por Antonio Basanta Fernández en forma de axudas de custo, asistencia, pluses ou de



calquera outro tipo coa FIAPP.

e) Actas, convenios ou acordos tramitados ou xestionados por Antonio Basanta Fernández con FIAPP.

f) Nomeamentos de Antonio Basanta Fernández para o cargo público que desempeña.

g) Contratos ou convenios xestionados por Antonio Basanta Fernández incluíndo o da FIAPP.

Una vez analizada a solicitude, debe significarse que Antonio Basanta Fernández é persoal eventual da Consellería do Mar e ostenta o cargo de xefe de gabinete da conselleira do Mar. Como persoal eventual únicamente desempeña as funcións previstas no artigo 29 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, polo que en ningún caso realiza actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico, nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.

Sen prexuízo do anterior, a Secretaría Xeral Técnica resolve conceder o acceso á información con indicación do seguinte:

1. A Consellería do Mar non subscribiu ningún acordo ou convenio coa “Fundación Internacional y para Iberoamérica de Administración y Políticas Públicas (FIAPP)” nin tampouco foi beneficiaria de ningún tipo de axudas ou subvencións que puidera outorgar a Consellería do Mar.

2. Antonio Basanta Fernández foi nomeado como xefe de relaciones co Parlamento do gabinete da conselleira mediante orde do 5 de maio de 2009, desenvolvendo tales funcións ata o 30 de xaneiro de 2012. Así mesmo, mediante orde da titular da Consellería do Mar do 30 de xaneiro de 2012, foi nomeado xefe de relacións institucionais e internacionais do gabinete da conselleira, desenvolvendo tales funcións ata o 31 de marzo de 2013. Mediante orde do 1 de abril de 2013 foi nomeado xefe de gabinete da conselleira do Mar, cargo que segue ostentando na actualidade mediante orde do 11 de setembro de 2020.

3. Con data 23 de xaneiro de 2019, o Ministerio de Agricultura e Silvicultura de



Turquía seleccionou á Consellería do Mar como socio na implementación do proxecto “Hermanamiento TR 16 IPA A 01 18 R-Capacitación para las organizaciones de productos pesqueros y las Direcciones Provinciales de Agricultura en línea con la Organización Común de Mercados”, participando no mesmo Antonio Basanta Fernández en representación da Consellería do Mar.

4. Pola súa participación no referido proxecto, o xefe de gabinete non percibe ningunha retribución por parte da Consellería do Mar.

5. As retribucións do xefe de gabinete e as declaracións de actividade poden atoparse nos seguintes enderezos electrónicos:

https://transparencia.xunta.gal/tema/transparencia-institucional/gobierno-e-altos-cargos/gabinetes-prensa?content=/Portal-Transparencia/Unidades_informacion_transparencia/interiores/Tema_2/altos_cargos/gabinete_e_prensa/transparencia_0145.html

<http://www.xunta.es/dxfpriac/ConsultarPersoas.do;jsessionid=6FCA16E780AB3EC7E759FAAC746F682D?organismo=33>

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

A secretaria xeral técnica



Silvia Cortiñas Fernández